

GRUPO 151.H00

Gómez Castro, David	151.H01
González Vázquez, Aida	151.H02
Iglesia Castiñeira, Silvia	151.H03
Lareo Vilela, Lidia	151.H04

O tema escollido por este grupo foi **a infancia e a xuventude**, enfocado cara a unha organización, como o son os equipos **scouts**.

1. Explicación de grupo

1.1. Resumo do traballo

Cando comezamos este proxecto tiñamos como obxectivo fundamental o de darlle unha maior visibilización a un colectivo que nun principio parecía bastante afastado da nosa realidade, así como romper os estigmas que o rodean: o colectivo scout. Tentar derribar ese conxunto de ideas preconcebidas a base de información recollidas na propia asociación en Ferrol nas nosas visitas á localidade: vivencias persoais moitas delas, como é lóxico, compartidas polos scouts, experiencias ou actividades.

Os principais conceptos que manexamos foron: escultismo, colaboración, compañeirismo e valores.

1.2. Organización do grupo

Hai que dicir que o noso grupo, ao estar formado por amigos máis que por compañeiros, cun alto grao de confianza, puidemos rotar os nosos papeis dentro do proceso levado a cabo durante estes meses. Aínda así, cabe destacar que foi Lidia a encargada de contactar coas fontes que tanto nos axudarían durante todo o traballo, ademais de ser a coordinadora; a documentación en rede foi levada a cabo especialmente por David e Silvia. En canto a Aida, aparte de ser a portavoz, o seu rol principal foi o de recavar a información de primeira man, é dicir, interactuar cos membros do Grupo Guía Vasco da Ponte, así como comunicarse tamén coas fontes.

A nosa técnica fundamental era a de contar as nosas experiencias persoais coa asociación, para achegarse dalgunha maneira aos nosos compañeiros, así como a recompilación dunha importante cantidade de datos, coa fin de dar a coñecer toda a historia que está detrás do movemento, así como a presenza que ten noutros lugares ou a defensa que fan dos dereitos dos máis pequenos e dos valores que proclaman.

Os inconvintes cos que nos atopamos redúcense a un en especial: a distancia que nos separaba da nosa principal fonte de información. Posto que o grupo pertence a Ferrol, e as actividades que realizan se levan a cabo en distintos paraxes de Galicia, a nosa convivencia cos scouts facíase máis complexa. Ademais, hai que ter en conta que as súas reunións tan so teñen lugar nas fins de semanas, cando todos nós tiñamos actividades a maiores que realizar. Por outra banda, houbo tres asociacións de carácter internacional coas que intentamos contactar, coa fin de obter máis puntos de vista acerca do mesmo tema. Nunca recibimos resposta por parte deles, co que xa acabamos desbotando a esperanza de que nos contasen as súas experiencias como membros do movemento.

Mais, en canto ó trato recibido por parte do grupo ferrolano, non puido ser máis agradable, xa que sempre fomos tratados como uns máis, así como a facilidade á hora de contactar con todos eles.

Lunes 2 mar	Martes 3 mar	Miércoles 4 mar	Jueves 5 mar	Viernes 6 mar	Sábado 7 mar	Domingo 8 mar	
Post David	Debate Lidia Sal	Post Aida	Debate David St	Comenta Lidia bl	Preguntas Aida l	Preguntas Lidia T	The visitor
Debate Aida Kap	Debate Silvia Gaye Tuchman		Debate Silvia Stories we tell				
	Comenta Silvia b						
	Preguntas David	Stories we tell					
	Preguntas Silvia	Stories we tell					

1.3. Rexistro-Itinerario

O que se pode ver aquí arriba é un exemplo de planificación semanal en Google Docs. Precisamente esta foi a ferramenta empregada ó longo de todos estes meses de traballo para levar a cabo a organización de tarefas: debates, posts, preguntas, comentarios... A continuación, procederemos á descrición por datas do noso itinerario de labores.

Abril

- Venres 17: Lidia publica o derradeiro post no blog.
- Mércores 15: Aida comenta no blog.
- Martes 14: Silvia publica no blog.
- Luns 13: David comenta no blog.
- Sábado 11: Derradeira visita a Ferrol.
- Venres 10: Lidia comenta no blog.
- Mércores 8: Aida publica no blog.
- Martes 7: Silvia comenta no blog.
- Luns 6: David publica no blog.

Marzo:

- Sábado 28: Terceira visita a Ferrol.
- Venres 27: Lidia publica no blog.
- Mércores 25: Post grupal. Aida comenta no blog.
- Martes 24: Silvia publica no blog.
- Luns 23: David comenta no blog.
- Venres 20: Lidia comenta no blog.
- Mércores 18: Aida publica no blog.
- Martes 17: Silvia comenta no blog.
- Luns 16 : David publica no blog.
- Sábado 14: Segunda visita a Ferrol.
- Venres 13: Lidia publica no blog.
- Xoves 12: Debate Ignacio Siles.
- Mércores 11: Post grupal. Aida comenta no blog.
- Martes 10: Silvia publica no blog. Debate The Visitor.
- Luns 9: David comenta no blog. Debate La dignidad de los nadies.
- Venres 6: Lidia comenta no blog
- Xoves 5: Debate stories we tell
- Martes 3: Silvia comenta no blog. Debates Salvador Moreno e Gaye Tuchman.
- Luns 2: David publica no blog. Debate Kapuscinski.

Febrero:
Venres 27: Lidia publica no blog
Xoves 26: Debate Born into brothers
Mércores 25: Post grupal. Aida comenta no blog. Debate de La Valle dello Jato.
Martes 24: Silvia publica o seu post. Debate de Local Hero.
Lunes 23: David comenta no blog. Debate Uma onda no ar.
Domingo 22: Cada un dos membros do grupo envía o esquema das súas lecturas
Sábado 21: Primeira viaxe a Ferrol
Venres 20: Lidia comenta no blog
Mércores 18: Aida publica o seu post
Martes 17: Silvia comenta no blog
Luns 16: David publica o primeiro post

1.4. Test

1. Os procedementos que fomos levando a cabo ao longo de todos estes meses non se caracterizaron pola rigurosidade estricta, pero aínda así conseguimos cumprir tódolos obxectivos nas datas estipuladas polo propio grupo, así como polos membros do GBCP ou o propio profesor. Quizais, foi a confianza entre os membros do grupo o que propiciou ese ambiente, por veces tan distendido, e que á vez facilitou tanto o traballo. O proceso do proxecto estivo protagonizado pola busca de información por tódolos medios posibles: na rede case a diario, en algún libro adicado ao tema, e en primeira man cando tiñamos a oportunidade.

2. Comezamos o noso traballo situando aos nosos compañeiros nun marco conceptual claro, é dicir, definindo o que é o escultismo, así como os valores que levan por bandeira. Logo, pasamos á historia do movemento e os dereitos dos máis pequenos que procuran defender. Finalmente, optamos por relaxar os contidos dos posts, narrando algunhas curiosidades, que finalmente é o que realmente atrae aos compañeiros. Debemos dicir, que tivemos bastante seguemento e notamos bastante interese polo tema por parte dos membros doutros grupos.

3. A comunicación interpersonal e a comunitaria son elementos fundamentais na conformación dos grupos que realizan actividades, como poden ser os scouts, as granxa-escolas e outros tantos que comparten vivencias e experiencias novas. É necesario o intercambio de información e datos entre os compañeiros, pero tamén se deben transmitir as aprendizaxes a tódalas persoas que son alleas a eses grupos. E cantas máis experiencias vividas, maior grao de confianza se chega a ter cos compañeiros, chegando a acadar un estreito vínculo que se pode materializar en amizade.

4. O resultado que acadamos despois de todo o proceso de realización foi claro: facer ver cal é a verdadeira cara dun grupo scout, moi afastado dos nenos con pañoleta americanos. Así mesmo, fixemos, en algún dos posts, un breve repaso polos dereitos dos menores, así como polos valores que serven de trasfondo no que se apoian. A existencia destas asociacións débese á confianza que os seus membros depositan nos compañeiros e na cooperación mutua. Ademais, foi unha

maneira de ampliar coñecementos, tanto para nós como para o resto da clase. Como resumo, foi unha experiencia para ampliar horizontes.

1.5. Materiais

1.5.1.- Bibliografía e referencias consultadas

O primeiro dos libros que lemos, “A participar se aprende participando”, trátase dunha especie de guía para os máis pequenos sobre o traballo en conxunto e a participación nas tarefas realizadas en equipo, chamando ás actividades como as que realizan os grupos scouts.

En canto á segunda das obras, “Repensar el mundo”, falamos dun libro máis adicado aos valores que proclaman dende o movemento internacional scout, a paz e a cooperación, como bases para a formación dunha sociedade mellor, máis afastada do individualismo.

Finalmente, a Declaración dos Dereitos do Neno é unha recompilación dos artigos que defenden a integridade de todo o colectivo infantil e xuvenil, os valores que os protexen e as medidas e procedementos que os amparan cando esa integridade é damnificada de algún modo.

ALONSO, Susana, ARAGÓN, Raquel, CABALLERO, Ángela, CORTÉS, Marián, DOMÍNGUEZ, Ruyman, RODRÍGUEZ, Lorena (2005). *A participar se aprende participando*. Madrid, España. ASDE, Federación de Asociaciones de Scouts de España

PARDOS, Teresa (2004). *Repensar el mundo: manual de educación para la paz y el desarrollo*. Madrid, España. ASDE, Federación de Asociaciones de Scouts de España

UNICEF COMITÉ ESPAÑOL (2006). *Convención sobre los Derechos del Niño* [en línea]. Recuperado de <http://www.unicef.es/sites/www.unicef.es/files/CDN_06.pdf>

1.5.2.- Enlaces recabados comentados

Vídeo utilizado para a presentación do grupo scout co que traballamos o 16 de febreiro: <https://www.youtube.com/watch?v=HcVzufGtzzo>

Enlace aportado pola compañeira Carmen Rapado García nun comentario o 16 de febreiro: <http://scoutsferrol.org/conocenos/metodologia.html>

Enlace aportado pola compañeira María Sánchez Dios nun comentario o 16 de febreiro: http://innovacioneducativa.upm.es/guias/aprendizaje_coop.pdf

Enlace aportado pola compañeira Raquel Otero Fernández nun comentario o 16 de febreiro: <http://www.abc.es/espana/20130524/rc-scouts-laicos-espana-discriminan-201305241412.html>

Enlace utilizado para mostrar a páxina de Facebook do grupo scout co que traballamos o día 18 de febreiro: <https://www.facebook.com/vascodaponte?fref=ts>

Vídeo utilizado para saber se a xente coñece o significado de escultismo e trasladar a pregunta aos compañeiros o 24 de febreiro: <https://www.youtube.com/watch?v=dxUVAychcno>

Vídeo aportado polo compañeiro Pedro Navarro Otero nun comentario o 24 de febreiro: <https://www.youtube.com/watch?v=33zNYBHOuAg>

Vídeo aportado polo compañeiro Pedro Navarro Otero nun comentario o 24 de febreiro: <https://www.youtube.com/watch?v=VaPapTXbumc&feature=youtu.be>

Enlace aportado pola compañeira Xiana Gómez de la Campa nun comentario o 25 de febreiro: <http://scout.org/>

Vídeo utilizado para expoñer ante a clase o significado de “escultismo” e explicado pola nosa avalista Uxía Cabaleiro o 27 de febreiro: <https://www.youtube.com/watch?v=ixfRWn7ge-Q>

Vídeo utilizado para amosar contado en primeira persoa o que é para os rapaces do Grupo Scout Guía Vasco da Ponte ser scout o 2 de marzo: <https://www.youtube.com/watch?v=KoEE6IA8c54>

Vídeos utilizados o 4 de marzo para amosar unha das actividades feitas polo grupo scout co que traballamos: <https://www.youtube.com/watch?v=GakCDwhjmRY>
<https://www.youtube.com/watch?v=BBM0uY4zOos>

Vídeo aportado polo compañeiro Pablo Casas Quiroga nun comentario o 4 de marzo: <https://www.youtube.com/watch?v=HIIe9cF4j0s>

Enlace aportado pola compañeira Patricia Rey Martínez nun comentario o 10 de marzo: <http://scout.org/es/node/9691>

Enlaces aportados polo compañeiro Pedro Navarro Otero nun comentario o 10 de marzo relacionados coa historia de Baden Powell: <https://www.youtube.com/watch?v=QEAHeyplaqM>
<https://prezi.com/xvz9omtzhapu/la-vida-de-baden-powell/#>
https://www.youtube.com/watch?v=tKQWlv-h_6A

Enlace aportado polo compañeiro Pedro Navarro Otero nun comentario o 10 de marzo relacionado coas “Girls Scouts”: <http://www.smithsonianmag.com/arts-culture/when-did-the-girl-scouts-start-selling-cookies-18191476/?no-ist>

Enlaces aportados pola compañeira María Muleiro Fernández nun comentario o 11 de marzo: <https://www.youtube.com/watch?v=6eiRQFAobeY>
<https://www.youtube.com/watch?v=lbPB2n9u8bo>

Enlace utilizado o 12 de marzo para amosar os dereitos dos nenos: <http://www.scout.es/asde-y-el-dia-mundial-de-la-infancia/>

Vídeo aportado pola compañeira Tatiana Ojea Vázquez o día 13 de marzo: <https://www.youtube.com/watch?v=Qa230dEyTYQ>

Enlace aportado pola compañeira Noelia Gómez Calvo o 13 de marzo: <https://www.fundaciondiagrama.es/sala-de-prensa/multimedia/videos/la-labor-de-fundacion-diagrama>

Vídeo utilizado para contextualizar un post o 13 de marzo: https://www.youtube.com/watch?v=rNMoAaDG_gs

Vídeo utilizado o 16 de marzo para amosarlles aos compañeiros a experiencia da nosa avalista, Uxía Cabaleiro, no campamento mundial de scouts Jamboree celebrado en Suecia en 2011: https://www.youtube.com/watch?v=M_VAN907npE

Enlace aportado pola compañeira Carmen Rapado García o 16 de marzo nun comentario: <https://internacionalscout.wordpress.com/2013/12/16/el-jamboree-2015-de-japon-empieza-a-rodar/>

Vídeo utilizado o 19 de marzo para amosarlles aos compañeiros outras maneiras de ensinanza: <https://www.youtube.com/watch?v=bYZJD-aUN0A>

Enlace aportado o 20 de marzo pola compañeira Irma Rivera Molíns nun comentario acerca dun tipo de ensinanza chamado pedagogía Waldorf: <http://colegioswaldorf.org/pedagogia-waldorf/>

Enlace aportado o 20 de marzo pola compañeira Sofía Lorenzo Sobral nun comentario: <http://www.aulaplaneta.com/2015/01/22/noticias-sobre-educacion/las-diez-claves-de-la-educacion-en-finlandia/>

Vídeo utilizado o 25 de marzo para tratar nun post o tema da homosexualidade nas asociacións scouts: <https://www.youtube.com/watch?v=FUkvnNmjrU8>

Vídeo utilizado para falar o 27 de marzo nun post sobre os tópicos scouts. O que recolle son opinións de alumnos da USC e trata de crear debate entre os nosos compañeiros: <https://www.youtube.com/watch?v=-h9bbKAJn5k>

Enlace aportado pola compañeira Sofía Lorenzo Sobral nun comentario o 10 de abril: <http://www.atlantico.net/articulo/vigo/movimiento-scout-ley-y-promesa-vigor-1907/20111010112524143636.html>

Vídeo utilizado para tratar o tema das mulleres nas asociacións scouts o 10 de abril: https://www.youtube.com/watch?v=2_0wGO_le1s

Enlaces aportados pola compañeira Cristina Pérez Marquina o 13 de abril nun comentario: http://textos-espanoles.es/olga_drahonowska-ma%C5%82kowska
<http://hispania.revistas.csic.es/index.php/hispania/article/viewFile/34/34>

Enlace utilizado para documentarnos sobre personaxes famosas que foron scouts: http://www.gruposcoutsantaengracia.es/index.php?option=com_content&view=article&id=55:scouts-famosos&catid=1:latest-news&Itemid=50

Enlace aportado pola compañeira María Muleiro Fernández o 15 de abril nun comentario: <https://barrioperal90.files.wordpress.com/2012/04/famosos-scout.jpg>

Vídeo utilizado o 17 de abril para amosar a canción de despedida dos scouts aos nosos compañeiros así como para despedir as nosas publicacións e o noso traballo: https://www.youtube.com/watch?v=eM5N_KYntdA

Enlace utilizado para obter a carta de despedida do creador dos scouts, Baden Powell: <https://scoutsparatodos.wordpress.com/2009/05/07/ultimo-mensaje-de-baden-powell/>

Enlace da páxina dos Scouts de España: <http://www.scout.es/>

Enlace aportado polo compañeiro Jorge Pereira Vila o 17 de abril nun comentario: <http://thescoutingpages.org.uk/tintin.html>

1.5.3.- Axenda de contactos

Uxía Cabaleiro, scout e avalista do traballo. Aportounos información.

Iago González, antigo scout.

Guillermo Vizoso, scout do Grupo Scout Guía Vasco da Ponte.

Lucía Cheda, scout anteriormente membro do Grupo Scout Guía Vasco da Ponte.

Pablo Campos, membro da Asociación Xuvenil Amencer (Ourense).

1.5.4.- Ficha de Espazos, Situacións e Contexto

Local do Grupo Scout Guía Vasco da Ponte. Situado no concello de Ferrol, no barrio de Canido, trátase dun local cedido pola parroquia pero a asociación que o ocupa non está relacionada coa Igrexa, é laica. Alí é onde nos reunimos cos scouts.

2. Aportacións individuais

GÓMEZ CASTRO, DAVID, 151.H01

2.1. Aproveitamento individual

Este traballo, orientado ao mundo dos scouts centrados, como xa fomos comentando ao longo dos posts, nun grupo scout concreto, o grupo scout Vasco de Gama de Ferrol servíume para poder **coñecer mellor a este tipo de asociacións** e poder ter unha **imaxe máis real** e axustada á verdade deste tipo de conxuntos de persoas, como creo que **lle serviu á maioría dos meus compañeiros**, tanto do grupo do traballo como a o resto da clase. Ademais, servíume para darme de conta do importante que é a educación fóra das aulas e tamén fóra da casa e do ámbito máis estritamente familiar: calquera lugar é bo para seguir aprendendo e para adquirir novos valores que nos enriquezan e que fagan de nós unha mellor persoa. En relación cos coñecementos, poder **descubrir a historia destes colectivos**, que existen diferentes colectivos e entre eles os de carácter laico, algo que me sorprende positivamente, entre as capacidades, a de intentar non valorar a alguén en particular ou a un colectivo en xeral sen coñecelos máis profundamente. Este traballo pode ofrecernos unha lección moi positiva nese senso: **non podemos formar unha opinión sobre algo senón nos molestamos en saber como en realidade é iso que estamos a vulgar.**

Unha das lecturas que eu decidín ler para poder preparar mellor este traballo e coñecer **máis detalles sobre o escultismo** e o movemento scout foi un libro escrito por un dos referentes da historia scout, senón **'o referente'**, xa que foi o fundador deste movemento: Robert Baden-Powell. Este estadounidense foi tamén actor, pintor ou músico. O libro, titulado 'La escuela de la vida', é a propia autobiografía deste autor. Nel fai un canto á felicidade cando unha persoa é aínda xove, ser saudable, forte, facer algo distinto, moverse, sen necesidade de trunfar nunha carreira ou noutros aspectos da vida, pero si coa busca de algo básico: ser feliz. Esa felicidade a pode aportar o escultismo, na súa opinión.

2.2. Experiencia na organización grupal

Aínda que é un traballo grupal, seguindo unha serie de parámetros e unha orde concreta para non solapar temas e, por suposto, o material que tiñamos gravado, adoitaba a **buscar información, sobre todo na Internet**, do movemento scout **fóra do noso grupo de traballo** en Ferrol. Persoas destacadas no movemento scout, como Juliette Gordon Low, ou o caso dos boy scouts dos Estados Unidos, que ata fai ben pouco non aceptaban a rapaces e rapazas homosexuais dentro dos seus grupos scouts.

A **organización grupal foi bastante correcta**, cunha compenetración correcta e necesaria, se ben é certo, que puidemos ser **máis organizados á hora de facer os posts, e non mesturando temas do grupo de traballo en Ferrol con outros dun carácter incluso estranxeiro**. Tamén quedounos **pendente** poder **contactar cunha organización estranxeira**, mais non puido ser posible xa que en ningún momento responderon aos nosos emails as 3 asociacións coas que intentamos contactar, entre elas, a máis importante, os boys scouts de América, a asociación con máis scouts a nivel mundial.

2.3. Actividades individuais

A de **búsqueda da información**, tamén a de **saír á rúa** a preguntar sobre o movemento scout a estudantes en distintas facultades da USC (pode verse na entrada de Que é o escultismo?). Tamén a de **aportación de ideas** e, por suposto, axuda en todo momento coas nosas visitas a Ferrol ao grupo scout.

En canto aos exercicios realizados na aula, fóra dela e no blog, a resposta a todos aqueles exercicios que se nos foron plantexados durante as diferentes clases expositivas, destacando as dúas veces que se me pediu a participación na creación dunha definición a partir das definicións da clase . Fóra dela, a asistencia ás charlas das películas que se visionaron e dos textos propostos para a asignatura, e, en todo caso, comentar e intentar aportar datos e axudar aos meus compañeiros nos seus traballos mediante os comentarios puntuais realizados no blog da asignatura.

2.4. Actividade futura

Case todo na nosa vida pode resultar útil para outros menesteres que nos plantexemos nun futuro. No caso deste traballo, se ben **non serviría**, por exemplo, para un **Traballo de Fin de Grao**, **si podería servir** para un traballo no que se nos pida facer unha **crónica** sobre un día na vida de alguén, sobre unha asociación, unha reportaxe ou, incluso, un conxunto de reportaxes. Por suposto, **unha reportaxe** así nun medio de gran tirada podería tirar por terra os clichés, como xa comentamos en múltiples ocasións, que se teñen deste tipo de grupos, e poder labrar **unha nova imaxe deste grupo**, que na miña opinión é unha opción fantástica para poder pasar o tempo libre e facer novos amigos, sempre dentro do respecto a elementos como pode ser a natureza.

GONZÁLEZ VÁZQUEZ, AIDA 151.H02

2.1. Aproveitamento individual

A nosa inmersión no mundo scout comezou cunha conversa. Tres meses despois, rematou con varios posts, vídeos, comentarios, visitas, sorpresas e lembranzas. Neste sentido, considero que o proxecto emprendido xunto co Grupo Scout Guía Vasco da Ponte para a asignatura de Comunicación Interpersoal e Comunitaria é un dos máis ambiciosos aos que me levo enfrontado.

O primeiro reto foi persoal. Derrubar tópicos é clave á hora de entrar en materia nunha determinada cuestión. No caso do mundo scout, televisión e cine levaban contribuído ao longo dos últimos vinte anos a forxar unha imaxe errónea que, pouco a pouco, esvaeceu. Verdadeiramente, foi un traballo de inmersión moi ben aproveitado. É saliento precisamente a inmersión no senso de que, realmente, xamáis me introducira tanto nunha materia de investigación de cara a un traballo ou a unha reportaxe.

O segundo reto, grupal e colectivo, foi achegar aos compañeiros o aprendido durante os nosos encontros co Grupo Scout. A este respecto, non podo estar máis satisfeita da resposta destes. A súa interese polos materiais que lles íamos achegando a través do blogue sorprendeunos nun principio, sendo ao final verdadeiramente gratificante.

Dicía Ryszard Kapuscinski que un bo xornalista non debe falar ou escribir sobre algo ou alguén co que non compartira un só minuto da súa vida. No caso do noso proxecto scout, foron moitos os momentos compartidos. Realmente é agora, tras todo este traballo de investigación, cando me vexo preparada para escribir e falar ao respecto. Os valores xerados arredor deste proxecto común dos rapaces se contaxiaron aos membros do meu grupo de traballo. A obxectividade é utópica, pero a honestidade é sagrada. Evidentemente, todo o traballo é un resultado da nosa visión persoal, pero considero que, tras o achegamento realizado, a calidade do traballo é plenamente defendible.

Por outra banda, as lecturas e filmes recomendadas foron de gran utilidade. O citado Kapuscinski era unha asignatura pendente na miña lista de libros por ler, pero unha noite abondou para que esa auténtica biblia da profesión que é *Los cínicos no sirven para este oficio* entrase de pleno na miña vida como manual de referencia. *Rádio Favela* foi un acerto: como produto cinematográfico é impecable, como historia de vida, increíble. Pero, sen dúbida, *La dignidad de los nadie*s foi a mellor elección que puideron facer. As diferentes historias, o xeito impecable de facer xornalismo e o honesto proceder do director son todo un espello no que mirarse á hora de valorar o traballo ben feito.

2.2. Experiencia na organización grupal

Traballar con Silvia, David e Lidia sempre é un proceso sinxelo. As redes de compañeirismo e empatía establecidas ao longo do último ano e medio facilitan a organización do grupo e a administración dos diferentes roles. Os catro fomos rotando nas labores de inmersión na comunidade e redacción dos posts, o que fixo do traballo algo fluído e eficiente, á par que ameno.

Cando se comparten máis de tres carpetas de Google Drive e hai máis de seiscentas mensaxes sen ler no grupo de whatsapp, a compenetración é inevitable. Realmente, estou convencida de que o éxito deste traballo estivo estreitamente ligado ás boas sinerxias entre o equipo.

2.3. Actividades individuais

No meu caso particular, asumín o rol de portavoz do grupo. Isto trouxo tras de si infinidade de chamadas telefónicas á monitora do grupo scout Guía Vasco da Ponte que asumiu o papel de intermediaria. Alén disto, centreime no traballo de campo durante as catro viaxes a Ferrol, interactuando directamente cos rapaces e intentando transmitirlo a través dos diferentes materiais multimedia xerados.

2.4. Actividade futura

Os beneficios do escultismo na infancia e xuventude non entran nas miñas preferencias á hora de seleccionar temática para traballo de fin de grao. Sen embargo, non descarto unha ampla reportaxe na que verter a experiencia adquirida na materia tras estes meses de traballo. Realmente, é un tema que merece máis difusión, de cara a eliminar tópicos e visibilizar actividades que poderían axudar a moita xente que, se non as practica, é porque non as coñece.

2.1. Aproveitamento individual

Grazas a este proxecto que levei a cabo cos meus compañeiros tiveron a oportunidade de coñecer todo un mundo do que non tiña constancia, da existencia de organizacións scouts tan preto de nós que pouco teñen que ver coa idea que estaba na cabeza de todos ao falar de *scouts*. Quizais, é o nome unha das poucas cousas en común coa archicoñecida imaxe que nos dá o cine, esa imaxe de nenos vendedores de galletas.

Tamén, puiden comprobar a utilidade dos valores que transmiten para un futuro en comunidade. A necesidade de colaborar e de que exista unha relación comunicativa recíproca e mutua é esencial para que continúe a existencia destas e doutras organizacións.

Ademais, as lecturas, principalmente a de Gaye Tuchman “A obxectividade como ritual estratéxico: unha análise das nocións de obxectividade dos xornalistas”, aportoume unha idea máis clara do que ocorre realmente co concepto de “obxectividade”, ao que os xornalistas acoden máis veces das debidas como se dun escudo se tratara. Isto quizais non é aplicable directamente ao traballo realizado co meu grupo, pero si o é para a futura profesión que me gustaría desenvolver.

Pola contra, a película que visionei, “Caro diario”, si tivo certa influencia á hora de apreciar o traballo da asociación coa que traballamos, pois no filme déixase ver a importancia das relacións cos demais, e o que ocorre cando a sociedade se volve excesivamente individualizada. Isto remarca o esencial que resulta a existencia dunha comunidade que se relacione, xa que de non facelo, esta cae polo seu propio peso.

Finalmente, a obra de Sarah Polley, “Stories we tell”, invita a unha reflexión sobre o que provoca o feito de protagonizar unha historia, cambiando radicalmente a perspectiva. Cando se vive en primeira persoa algo, a obxectividade é inversamente proporcional ao grao de inmersión no feito.

2.2. Experiencia na organización grupal

A existencia dunha relación de amizade, ademais de compañeirismo, entre os compoñentes do grupo, fixo que o proxecto fora moito máis agradable á hora de levar a cabo a súa realización. Isto, pode ter algunha desvantaxe de non moita importancia. E é que, precisamente, esa relación de confianza puido chegar a provocar nalgún momento puntual a perda de seriedade e rigor no proceso de traballo. Mais, viuse compensando pola aportación que todos e cada un dos membros do grupo fixo nun momento ou outro. A noción que eu posuía sobre o tema tratado era mínima, pero aínda así tentei involucrarme o máximo posible para acadar un bo resultado. Quizais, a documentación vía internet foi o meu punto forte, xa que procurei pescudar e profundizar máis alá do que nos contaba a asociación coa que contactamos, para así ter material co que comparar.

2.3. Actividades individuais

No meu caso, a actividade que desenvolvín dentro do grupo foi a da procura de documentación en rede, fundamentalmente.

2.4. Actividade futura

Dado que o noso traballo foi enfocado especificamente cara a actividade dos scout, farase difícil adicarlle a isto un Traballo de Fin de Grao, por exemplo. Pero se hai algo que si se terá en conta sen algunha dúbida son os valores que transmiten e que teñen por bandeira, así como a maneira de comunicarse, tanto entre eles coma co resto da sociedade. Mediante a nosa participación con este grupo demos a coñecer a súa verdadeira labor, e sobre todo, fixemos unha rotura de estigmas e ideas preconcebidas pero equivocadas. Ámbalas dúas cousas son o maior aproveitamento que podemos facer deste traballo de cara a un futuro.

LAREO VILELA, LIDIA 151.H04

2.1. Aproveitamento individual

Sempre que nos enfrontamos a un traballo en grupo, hai dúas cousas que imos aprender ou, no seu defecto, nas que imos afondar máis. Estas son o tema do traballo e o feito de traballar con outros compañeiros en equipo. Por tanto, o aproveitamento individual neste traballo foi dobre.

Por unha banda, os scouts. Grazas a traballar coa asociación que nos avalou (Grupo Scout Guía Vasco da Ponte) e coa nosa avalista Uxía Cabaleiro, comprendimos que o mundo dos scouts é moito máis profundo co que se nos amosa nas películas americanas. Aprendín dos seus valores, da súa cultura, da súa forma de ver o mundo e interrelacionarse. Aprendín que o escultismo é unha forma de vida que acolle a homes e mulleres, xóvenes e adultos, por igual.

Por outra banda, o traballo en grupo. O feito de ter que nos coordinar para facer este traballo; de ir visitar aos scouts, pois é un grupo instalado en Ferrol; de escribir os posts e comentarios e levar o traballo ao día, é complicado cando se ten que simultanear con outros traballos e actividades. E se é difícil facelo con descoñecidos, máis pode chegar a ser con amigos. Pola miña parte, como coordinadora deste grupo, non se me puxeron as cousas demasiado complicadas, porque no grupo existía a vontade de traballar e facer correctamente o proxecto. Aínda así, o feito de ter un cargo de responsabilidade acarrea un traballo que se tratou de facer da mellor maneira posible e que chegou a resultar satisfactorio.

En canto ás lecturas, as tres escollidas foron *The Visitor* de Thomas McCarthy, *Local Hero* de Bill Forsyth e *Los imaginarios sociales en la comunicación interpersonal* de Salvador Moreno.

Do filme *The Visitor* destacaríase, relacionado coa materia, como entre persoas con culturas diferentes, pode chegar a existir un vínculo moi forte de amizade, compañeirismo. Como a unha persoa lle pode cambiar tanto a vida o coñecer a outra e que lle introduza no seu mundo chegando ata a loitar contra as autoridades por protexer ao segundo.

En canto a *Local Hero*, a parte de ser un filme que hai tempo que quería ver, transmitíame unha imaxe do que é o mundo dos negocios, do diñeiro e intereses que move. Con todo, esta película ten o feito chamativo de que o xefe do protagonista queda namorado da vila escocesa que quería destruír e, ao final, o protagonista ten que volver á súa cidade deixando todo o que lle conquistara de Escocia alí.

Por último, do texto de Salvador Moreno, o que saquei en claro foi que a cultura e o ambiente que rodea ás persoas determina a maneira na que as relacións sociais que estableza se van desenvolver. Por tanto, podemos modificar o noso modo de pensar, sentir, valorizar e actuar, pero os cambios socioculturais son algo máis complicado.

2.2. Experiencia na organización grupal

Neste traballo, eu exercín como coordinadora do grupo. Por tanto, considero que a miña aportación máis importante foi a de por en contacto ao meu grupo coa asociación coa que traballamos e a de coordinar o proxecto. Aínda así, como tiveron que combinar a realización deste traballo con outras actividades alleas á materia, foi algo que, en certos momentos, chegou a ser complicado. Con todo, a maneira de subsanar este problema foi delegar nos meus compañeiros e fomentar o espírito de traballo en equipo.

2.3. Actividades individuais

Entre as actividades individuais realizadas por min atópase a coordinación dos membros do grupo, a investigación sobre o tema do scouts en internet, o feito de entrevistar á nosa avalista (Uxía Cabaleiro) en diversas sesións que foron grabadas en vídeo e publicadas nos nosos posts,... En resumo, aportacións individuais feitas ao traballo en equipo.

2.4. Actividade futura

Aínda que pareza increíble, este traballo si pode aprotarme algo para o futuro. Xa non so por todo o aprendido con este grupo, senón porque cando coñeza outras asociacións xuvenís lles prestarei máis atención e tratarei de non xulgalas antes de coñecerlas. Ademais, os contactos que fixemos ao longo do proxecto e a investigación realizada pode que, algún día, sexa útil e aproveitable. Ademais, creo que o traballo que fixemos, axudou a que os nosos compañeiros tamén lles coñeceran e comprenderan a importante labor que fan os scouts.